

PROXECTO DE REAL DECRETO POLO QUE SE APROBA O CADRO DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS NO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL E SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A SÚA NOTIFICACIÓN E REXISTRO

A Declaración para o Diálogo Social, subscrita en xullo de 2004 polo Goberno, as Organizacións Sindicais e as Organizacións Empresariais, estableceu o marco xeral de prioridades no ámbito sociolaboral, dentro das cales se presta especial atención ao Sistema de Seguridade Social.

Tras un amplo proceso de diálogo, as partes asinantes da Declaración indicada subscribiron o día 13 de xullo de 2006 un Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, entre as cales se inclúe a aprobación dunha nova lista de enfermidades profesionais, que, seguindo a Recomendación Europea sobre enfermidades profesionais de 2003, adecúe a lista vixente á realidade produtiva actual, así como aos novos procesos produtivos e de organización; modificando así mesmo o sistema de notificación e rexistro, coa finalidade de facer aflorar enfermidades profesionais ocultas e evitar a infradeclaración de tales enfermidades.

Polo que se refire á actualización do cadro de enfermidades profesionais no Sistema da Seguridade Social, hai que ter en conta que o cadro actualmente en vigor foi aprobado polo Real Decreto 1995/1978, do 12 de maio, data desde a cal se produciron avances considerábeis nos procesos industriais, coa conseguinte introdución de novos elementos e substancias, e, ao mesmo tempo, as investigacións e o progreso no ámbito científico e no da medicina permiten un mellor coñecemento dos mecanismos de aparición dalgunhas enfermidades profesionais e da súa vinculación co traballo.

Por outra banda, a Recomendación 2003/670/CE, da Comisión das Comunidades Europeas, do 19 de setembro de 2003, relativa á lista europea de enfermidades profesionais, recomenda aos Estados membros a introdución nas súas disposicións lexislativas, regulamentarias ou administrativas da lista de enfermidades cuxa orixe profesional se recoñeceu cientificamente, que figura no anexo I desta, recomendándolles así mesmo que procuren introducir nas devanditas disposicións as enfermidades recollidas no anexo II, que non figuran na lista do anexo I pero cuxa orixe e carácter profesional poderían establecerse no futuro.

Todo iso determina a necesidade de modificar o cadro de enfermidades profesionais actualmente vixente, para a súa actualización e acomodación á Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas antes citada, o que se leva a cabo a través do presente Real Decreto.

Ao propio tempo, e co fin de garantir ao máximo a declaración de todos os casos de enfermidades profesionais, así como de facilitar a súa notificación e comunicación, e promover a investigación relacionada con estas, considérase necesario establecer os criterios básicos que deben presidir as aludidas notificación e comunicación, así como o rexistro, análise e investigación das enfermidades profesionais, coas colaboracións que sexan necesarias para levalo a cabo, na forma que se determine nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste Real Decreto.

Na elaboración deste Real Decreto foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e foron consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do Ministro de Administracións Públicas e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día

DISPOÑO

Artigo 1. Aprobación do cadro de enfermidades profesionais.

Apróbase o cadro de enfermidades profesionais que figura como anexo á presente disposición, en aplicación do disposto no artigo 116 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Artigo 2. Actualización do cadro de enfermidades profesionais.

1. A modificación do cadro de enfermidades profesionais a que se refire o artigo anterior, a proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, requirirá o informe previo do Ministerio de Sanidade e Consumo e da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo. O informe científico que soporte a proposta de modificación deberá ser realizado por unha comisión técnica conxunta de ambos os Ministerios.

2. As enfermidades que sexan incorporadas á Lista europea de enfermidades profesionais incluída no anexo I da Recomendación da Comisión das Comunidades Europeas, do 19 de setembro de 2003 (2003/670/CE), serán obxecto de inclusión automática no anexo 1 do cadro de enfermidades profesionais que se aproba polo presente Real Decreto.

Artigo 3. *Cualificación das enfermidades profesionais.*

A cualificación das enfermidades como profesionais corresponde á entidade xestora respectiva, sen prexuízo do seu tratamento como tales por parte das entidades colaboradoras que asuman a protección das contingencias profesionais, en tanto non sexa obxecto de revisión pola entidade xestora, previa solicitude fundada do interesado.

Corresponde en todo caso á entidade xestora a determinación do carácter profesional da enfermidade respecto dos traballadores que non se atopen en situación de alta.

Artigo 4. *Notificación das enfermidades profesionais.*

1. En caso de enfermidade profesional, e sen prexuízo da obriga que corresponda ao empresario en relación coa súa comunicación, a entidade xestora ou colaboradora que asuma a protección das contingencias profesionais elaborará e tramitará o parte de enfermidade profesional correspondente.

2. A empresa deberá facilitar á entidade xestora ou colaboradora a información que obre no seu poder e que sexa requirida para a elaboración do parte indicado no apartado anterior.

Artigo 5. *Comunicación de enfermidades que poderían ser cualificadas como profesionais.*

Cando os facultativos do Sistema Nacional de Saúde, con ocasión das súas actuacións profesionais, tivesen coñecemento da existencia dunha enfermidade que podería ser cualificada como profesional, comunicaranos para os oportunos efectos, a través da Unidade de Saúde Laboral da correspondente Consellaría de Saúde da Comunidade Autónoma ou da Inspección Médica, á entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social para os efectos de cualificación previstos no artigo 3. Igual comunicación deberán realizar os facultativos do servizo de prevención, se é o caso.

Disposición adicional primeira. *Modelo de parte de enfermidade profesional.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobará, antes do 1 de xaneiro de 2007, o novo modelo de parte de enfermidade profesional. Ao propio tempo, regulará o procedemento para o seu tramitación, así como a súa transmisión por medios electrónicos, de maneira que quede garantida a fluidez da información entre a entidade xestora ou colaboradora, a empresa, a Administración laboral, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, os servizos de prevención, se é o caso, e demais institucións afectadas.

Disposición adicional segunda. *Documentación, rexistro e análise das enfermidades profesionais.*

Na Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social existirá unha unidade administrativa encargada de recoller e analizar a documentación relativa ás enfermidades profesionais.

As devanditas funcións de rexistro e análises e investigación das enfermidades profesionais poderán levarse a cabo en colaboración cos órganos técnicos dos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo e os Servizos Públicos de Saúde das Comunidades Autónomas, na forma que se determine nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

Queda derogado o Real Decreto 1995/1978, do 12 de maio, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no Sistema de Seguridade Social, así como a lista de enfermidades profesionais que figura como anexo a este.

Disposición final primeira. *Elaboración de criterios técnicos.*

Os órganos técnicos dos Ministerios de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo elaborarán unha guía dos síntomas e patoloxías relacionados co axente causante da enfermidade profesional, que sirva como fonte de información e axuda para o diagnóstico desta.

Disposición final segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Habílitate ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento do presente Real Decreto.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor*

O presente Real Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado (BOE).

ANEXO
LISTA DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS

ÍNDICE

ANEXO 1.- Lista de enfermidades profesionais:

Grupo 1: Enfermidades profesionais causadas por axentes químicos.

Grupo 2: Enfermidades profesionais causadas por axentes físicos.

Grupo 3: Enfermidades profesionais causadas por axentes biolóxicos.

Grupo 4: Enfermidades profesionais causadas por inhalación de substancias e axentes non comprendidas noutros apartados.

Grupo 5: Enfermidades profesionais da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados.

Grupo 6: Enfermidades profesionais causadas por axentes carcinoxénicos.

ANEXO 2.- Lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no Anexo 1 podería contemplarse no futuro:

Grupo 1: Enfermidades provocadas por axentes químicos.

Grupo 2: Enfermidades provocadas por axentes físicos.

Grupo 3: Enfermidades provocadas por axentes biolóxicos.

Grupo 4: Enfermidades provocadas por inhalación de substancias non comprendidas noutros grupos.

Grupo 5: Enfermidades da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos noutros grupos.

Grupo 6: Enfermidades provocadas por axentes carcinoxénicos.

ANEXO 1 – Lista de enfermidades profesionais.

Grupo 1: Enfermidades profesionais causadas por axentes químicos.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
METAIS	
Arsénico e os seus compostos:	<p>Preparación, emprego e manipulación do arsénico e os seus compostos, especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Minería do arsénico, fundición de cobre, produción e uso de pesticidas arsenicais, herbicidas e insecticidas, produción de vidro. - Calcinación, fundición e refino de minerais arseníferos. - Fabricación e emprego de insecticidas e anticriptográficos que conteñan compostos de arsénico. - Fabricación e emprego de colorantes e pinturas que conteñan compostos de arsénico. Tratamento de coiros e madeiras con axentes de conservación a base de compostos arsenicais. Conservación de peles. - Pirotecnia. - Procesos ou procedementos que impliquen o uso e/ou desprendemento de trihidruro de arsénico (hidróxeno arseniado/arsina/arsenamina). - Industria farmacéutica. - Preparación do ácido sulfúrico partindo de piritas arseníferas. - Emprego do anhídrido arsenioso na fabricación do vidro. - Fabricación de aceiro ao silicio. - Desincrustado de caldeiras. - Decapado de metais. - Limpeza de metais. - Revestimento electrolítico de metais. - Industria de caucho. - Fabricación e utilización de insecticidas, herbicidas e funxicidas. Industria de colorantes arsenicais. <p>Aliaxe con outros metais (Pb). Refino de Cu, Pb, Zn, Co (presente como impureza).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produción de cobre. - Industria da madeira: imprimación de madeira con sales de arsénico, mecanización de madeiras imprimadas con compostos de arsénico. - Fabricación de vidro: preparación e mestura da pasta, fusión e coada, manipulación de aditivos. - Taxidermia. - Restauradores de arte. - Utilización de compostos arsenicais en electrónica. - Fabricación de municións e baterías de polarización.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Berilio (glucinio) e os seus compostos	<p>Manipulación e emprego do berilio e os seus compostos (fluoruro dobre de glucinio e sodio), e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción e metalurxia de berilio, industria aeroespacial, industria nuclear. - Extracción do berilio dos minerais. - Preparación de aliaxes e compostos de berilio. - Fabricación de cristais, cerámicas, porcelanas e produtos altamente refractarios. - Fabricación de barras de control de reactores nucleares.
Cadmio e os seus compostos:	<p>Preparación e emprego industrial de cadmio, e esencialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preparación do cadmio por procesado do cinc, cobre ou chumbo. - Fabricación de acumuladores de níquel - cadmio. - Fabricación de pigmentos cadmíferos para pinturas, esmaltes, materias plásticas, papel, caucho, pirotecnia. - Fabricación de lámpadas fluorescentes. - Cadmiado electrolítico. - Soldadura e oxicorte de pezas con cadmio. - Procesado de residuos que conteñan cadmio. - Fabricación de barras de control de reactores nucleares. - Fabricación de células fotoeléctricas. - Fabricación de variñas de soldadura. - Traballos en forno de fundición de ferro ou aceiro. - Fusión e coada de vidro. - Aplicación por proxección de pinturas e vernices que conteñan cadmio. - Vernizado e esmaltado de cerámica. - Tratamento de residuos perigosos en actividades de saneamento público. - Fabricación de pesticidas. - Fabricación de amálgamas dentais. - Fabricación de xoias.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Cromo Trivalente e os seus compostos	<p>Preparación, emprego e manipulación dos compostos de cromo, especialmente os cromatos, dicromatos alcalinos e o ácido crómico e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fabricación de catalizadores, produtos químicos para a curtición, e produtos de tratamento da madeira que conteñan compostos de cromo. - Fabricación e emprego de pigmentos, colorantes e pinturas a base de compostos de cromo. - Serrado e mecanizado de madeira tratada con compostos de cromo. - Aplicación por proxección de pinturas e vernices que conteñan cromo. - Curtido ao cromo de peles. - Preparación de clixés de fotogravado por coloides bicromados. - Fabricación de mistos ou fósforos. - Galvanoplastia e tratamento de superficies de metais con cromo. - Decapado e limpeza de metais e vidros (ácido sulfocrómico ou ácido crómico). - Fabricación de cromatos alcalinos. - Litogravados. - Fabricación de aceiros inoxidables. - Traballos que implican soldadura e oxicorte de aceiros inoxidables. - Fabricación de cemento e os seus derivados. - Procesado de residuos que conteñan cromo.
Fósforo e os seus compostos	<p>Preparación, emprego e manipulación do fósforo e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fabricación, emprego e manipulación do fósforo branco. - Fabricación do fósforo vermello. - Procesos en que pode producirse fosfina, tales como a xeración de acetileno, a limpeza de metais con ácido fosfórico, etc. - Fabricación de mistos. - Fabricación e utilización de insecticidas ou rodenticidas. - Utilización do fósforo, do ácido fosfórico e de compostos inorgánicos de fósforo nas industrias química, farmacéutica, gráfica e na produción de produtos agrícolas. - Extracción do fósforo dos minerais que o conteñen e dos ósos. - Fabricación e utilización de ferrosilicio, manganosilíceo, carburos de calcio e de cianamida cálcica cando conteñen residuos de fósforo e cando esas operacións fanse en presenza de humidade. - Fabricación de explosivos e detonadores.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
<p>Manganeso e os seus compostos</p>	<p>Extracción, preparación, transporte, manipulación e emprego do manganeso e os seus compostos, e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción, manipulación, transporte e tratamento da pirolusita, a manganita, o silomelano e a rodoprosita. - Fabricación de aliaxes ferrosas e non ferrosas con bióxido de manganeso, especialmente ferromanganeso (aceiro Martin - Siemens). - Fabricación de pilas secas. - Fabricación de vidro ao manganeso. - Fabricación de briquetes de manganeso. - Soldadura con compostos do manganeso. - Preparación de esmaltes. - Preparación de permanganato potásico. - Fabricación de colorantes e secantes que conteñan compostos de manganeso. - Envellecemento de tellas. - Manipulación e transporte de escouras Thomas. - Preparación, utilización, manutención e transportes de fertilizantes con sulfato de manganeso. - Fabricación de baterías. - Industria química como axente oxidante, preparación de osíxeno, cloro, fabricación de aditivos alimentarios; utilización como axente antidetonante. - Soldadura con electrodos de manganeso. - Curtido de peles. - Uso de compostos órgano mangánicos como aditivos de fuelóleo e algunhas naftas sen chumbo.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Mercurio e os seus compostos	<p>Extracción, tratamento, preparación, emprego e manipulación do mercurio, das súas amálgamas, das súas combinacións e de todo produto que o conteña e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción e recuperación do metal nas minas e nos residuos industriais. - Tratamento de minerais auríferos e arxentíferos. - Dourado, prateado, estañado, bronceado e damasquinado con axuda do mercurio ou os seus sales. - Electrólise con mercurio. - Produción electrolítica de clorina. - Preparación de cinc amalgamado para pilas eléctricas. - Fabricación e reparación de acumuladores electrónicos de mercurio. - Fabricación de baterías. - Fabricación e reparación de termómetros, barómetros, bombas de mercurio, lámpadas de incandescencia, lámpadas radiofónicas, tubos radiográficos, rectificadores de corrente e outros aparellos que o conteñan. - Traballos en laboratorios de fotografía. - Emprego do mercurio ou dos seus compostos como catalizadores. - Preparación e utilización de amálgamas e compostos do mercurio. - Fabricación e emprego de pigmentos e pinturas anticorrosivas a base de cinabrio. - Preparación e tratamento do pelo en peles e materias análogas. - Preparación e emprego de funxicidas para a conservación dos grans. - Fabricación e emprego de cebos de fulminatos de mercurio. - Preparación de especialidades farmacéuticas que o conteñan.
Níquel e os seus compostos	<p>Fundición e refino de níquel, produción de aceiro inoxidable, fabricación de baterías.</p> <p>Produción de níquel polo proceso Mond.</p> <p>Niquelado electrolítico dos metais.</p> <p>Traballos de bixutería.</p> <p>Fabricación de aliaxes con níquel (cobre, manganeso, cinc, cromo, ferro, molibdeno).</p> <p>Fabricación de aceiros especiais ao níquel (ferroníquel). Fabricación de acumuladores ao níquel-cadmio.</p> <p>Emprego como catalizador na industria química.</p> <p>Traballos que implican soldadura e oxicorte de aceiro inoxidable.</p> <p>Traballos en forno de fundición de ferro e de aceiro inoxidable.</p> <p>Desbarbado e limpeza de pezas de fundición.</p>

	<p>Industria de cerámica e vidro. Aplicación por proxección de pinturas e vernices que conteñan níquel. Procesado de residuos que conteñan níquel.</p>
--	--

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Chumbo e os seus compostos	<p>Extracción, tratamento, preparación e emprego do chumbo, os seus minerais, as súas aliaxes, as súas combinacións e de todos os produtos que o conteñan, e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción, tratamento, metalurxia, refinado, fundición, laminado e baleirado do chumbo, das súas aliaxes e de metais plumbíferos. - Fabricación, soldadura, rebabado e puído de obxectos de chumbo ou as súas aliaxes. - Estañado con axuda de aliaxes de chumbo. - Recuperación de chumbo vello e de metais plumbíferos. - Fabricación de cinc; fusión de cinc vello e de chumbo en lingotes. - Tempero en baño de chumbo e trefilado dos aceiros temperados no baño de chumbo. - Revestimento de metais por pulverización de chumbo ou o enchido de baleiros. - Fabricación e reparación de acumuladores de chumbo. - Fabricación de municións e artigos pirotécnicos. - Fabricación e aplicación de pinturas, lacas, vernices ou tintas a base de compostos de chumbo. - Traballos con soprete de materias recubertas con pinturas plumbíferas. - Traballos de fontanería. - Traballos de imprenta. - Cromolitografía efectuada con pos plumbíferos. - Talla de diamantes onde se usen "pingas" de chumbo. - Industria do vidro. - Industria da cerámica e olería. - Industria da construción. - Fabricación e manipulación dos óxidos e sales de chumbo. - Utilización de compostos orgánicos de chumbo na fabricación de materias plásticas. - Fabricación e manipulación de derivados alugados do chumbo (chumbo tetrametilo, chumbo tetraetilo): preparación e manipulación das gasolinas que os conteñan e limpeza dos tanques. - Preparación e emprego de insecticidas con compostos de chumbo.
Talio e os seus compostos	<p>Extracción de talio de minerais de pirita. Preparación, manipulación e emprego de rodenticidas. Produción e emprego de sales de talio. Utilización do talio e os seus compostos na industria farmacéutica, industria do vidro, na fabricación de colorantes e pigmentos e na pirotecnia.</p>

	Fabricación de células fotoeléctricas sensíbeis ao infravermello.
Vanadio e os seus compostos	<p>Obtención e emprego do vanadio e os seus compostos ou de produtos que o conteñan e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produción de vanadio metálico. - Emprego de óxidos de vanadio como catalizadores en procesos de oxidación da industria química e como reveladores e sensibilizadores fotográficos. - Limpezas de caldeiras e tanques, fornos de fuelóleo. - Preparación de pentóxidos de vanadio entre outros fins na produción de minerais de aluminio. - Fabricación de ferrovanadio.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
METALOIDES	
Antimonio e derivados.	<p>Traballos que expoñen á inhalación de pos, fumes e vapores de antimonio, en especial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción de minerais que conteñen antimonio e os seus procesos de moedura, peneirado e concentrado. - Envasado do óxido de antimonio. - Soldadura con antimonio. - Fabricación de semicondutores. - Fabricación de placas para baterías e material para forrado de cables. - Fabricación de pinturas, vernices, cristal, cerámica (pentóxido de antimonio). - Fabricación de explosivos e de pigmentos para a industria do caucho (trisulfuro de antimonio). - Uso na industria do caucho e farmacéutica (pentacloruro de antimonio). - Fabricación de colorantes e uso en cerámica (trifluoruro de antimonio).

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
HALÓXENOS	
Bromo e os seus compostos inorgánicos	<p>Produción, emprego e manipulación do bromo e dos seus compostos inorgánicos, e principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produción do bromo por desprazamento do cloro. - Produción de compostos inorgánicos do bromo. - Fabricación de aditivos combustíbeis. - Utilización de bromuros inorgánicos como axentes redutores e catalizadores. - Industria fotográfica. - Axente de branqueo. - Desinfección da auga. - Composto antidetonante da gasolina. - Extracción de ouro. - Industria química e farmacéutica.
Cloro e os seus compostos inorgánicos	<p>Produción, emprego e manipulación do cloro e dos seus compostos inorgánicos, e principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Proceso electrolítico de produción de cloro. - Extracción e licuefacción do cloro. - Transporte e manipulación do cloro licuado. - Fabricación de derivados clorados na industria química e farmacéutica. - Procesos de branqueo e decoloración nas industrias, téxtil, papeleira e de fibras artificiais. - Utilización de cloro en tratamento de augas. - Pirotechnia. - Fabricación de mistos e fulminantes. - Emprego como herbicida e defoliante.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
HALÓXENOS	
Flúor e os seus compostos	<p>Extracción de minerais fluorados, fabricación do ácido fluorhídrico, manipulación e emprego del ou dos seus derivados e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Extracción dos compostos de flúor dos minerais (espato-flúor e criolita). - Fabricación do aluminio. - Fabricación de compostos de flúor orgánicos e inorgánicos. - Utilización dos compostos de flúor na extracción e refinado de metais (níquel, do cobre, do ouro, da prata). - Emprego dos fluoruros nas fundicións e para recubrir as variñas soldadoras. - Emprego de ácido fluorhídrico nos procesos químicos como axente de ataque (industria do vidro, decapado de metais, limpeza do grafito, dos metais, dos cristais, etc.) e como catalizador. - Emprego de fluoruros como mordente no tintado de la. - Emprego de fluoruros como axente de branqueo. - Utilización na industria alimentaria (conservas de zumes de froitas, azucres, espíritosos, fermentación da cervexa, etc.). - Emprego de compostos de flúor como insecticida, pesticida, rodenticida e para conservación da madeira. - Tratamento de coiros e peles.
Iodo e os seus compostos inorgánicos	<p>Produción, emprego e manipulación de iodo e dos seus compostos inorgánicos, e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilización do iodo como axente oxidante. - Extracción do iodo a partir de algas, do salitre de Chile, e no curso de certas operacións como o refinado de petróleo. - Utilización na industria química, farmacéutica e fotográfica.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ÁCIDOS INORGÁNICOS	
Acido Nítrico	<p>Fabricación de ácido nítrico.</p> <p>Producción de fertilizantes orgánicos, explosivos, nitrocelulosa, seda artificial e coiro sintético, vernices, lacas, colorantes e colodium.</p> <p>Decapado, fixación, mordentado, afinado damasquinado, revestimento electrolítico de metais.</p> <p>Gravado á auga forte.</p> <p>Fabricación de feltros e perlas de vidro.</p> <p>Producción de nitratos metálicos, ácidos oxálicos, ftálico ou sulfúrico, de nitritos e ácidos nitrosos, de trinitrofenol, de trinitrotolueno, de nitroglicerina, de dinitrato de etilenglicol.</p> <p>Fabricación de xoias, industria farmacéutica e certos procedementos de impresión.</p>
Acido Sulfúrico e óxidos de xofre	<p>Anhídrido sulfuroso (dióxido de xofre):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Producción de ácido sulfúrico. - Refino de minerais ricos en xofre. - Procesos en que intervén a combustión de carbóns ricos en xofre. <p>Ácido sulfúrico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Producción, almacenamento e manipulación de ácido sulfúrico. - Fabricación de papel encerado. - Industria de explosivos. - Refinado de aceites vexetais. - Carbonizado de tecidos de la. - Purificación de petróleo. <p>Ácido sulfúrico: Usos como ácido para acumulador na electrólise, na industria química (producción de fertilizantes) e laboratorios.</p> <p>Dióxido de xofre: combustión do xofre (carburantes fósiles) e refinerías de minerais metálicos.</p> <p>Usos como refrixerante, vulcanización de caucho, axente de branqueo e para a produción de ácido sulfúrico.</p> <p>Trióxido sulfúrico: produto intermediario na produción do ácido sulfúrico e do oleum; utilízase para a sulfonación dos ácidos orgánicos.</p>

Acido Sulfhídrico	<p>Traballos en foxas de putrefacción de matadoiros ou instalacións de curtidos.</p> <p>Traballos de exhumación de cadáveres.</p> <p>Traballos de sumidoiros. Traballos subterráneos. Escavacións.</p> <p>Enriado de cânabo e do esparto.</p> <p>Procesos da industria química en que intervén o hidróxeno sulfurado.</p> <p>Fabricación de fibras téxtiles sintéticas.</p> <p>Refinerías de petróleo.</p> <p>Fabricación de gases industriais.</p> <p>Refinerías de azucre.</p>
--------------------------	--

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Acido Cianhídrico, Cianuros, compostos de cianóxeno e acrilonitrilos.	<p>Preparación de ácido cianhídrico líquido, cianuros, ferrocianuros e outros derivados.</p> <p>Utilización do ácido cianhídrico gasoso na loita contra os insectos parasitos en agricultura e contra os roedores.</p> <p>Obtención de metais preciosos (ouro e prata) por cianuración. Fabricación de xoias.</p> <p>Emprego de cianuro nas operacións de galvanoplastia (níquelado, cadmiado, cobrizado, etc.).</p> <p>Tratamento térmico de pezas metálicas.</p> <p>Fabricación de "plexiglás" (acetonacianhidrina).</p> <p>Utilización de acrilonitrilo como pesticida.</p> <p>Fabricación e manipulación de cianamida cálcica e a súa utilización como fertilizante.</p> <p>Produción de acrilatos, sales de amonio, cianóxeno, e outras substancias químicas de síntese.</p> <p>Fabricación de limpametais.</p> <p>Fabricación de colorantes , pigmentos plásticos e fibras sintéticas.</p> <p>Emisións gasosas nos altos fornos, fornos de coque ou combustión de espumas de poliuretano.</p> <p>Uso en laboratorio.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ÁCIDOS ORGÁNICOS	
<p>Ácidos orgánicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - ácido fórmico - ácido acético - ácido oxálico - ácido abiético - ácido plicático etc. 	<p>Fabricación de ácidos orgánicos e dos seus sales. Utilización na industria téxtil. Utilización na industria química. Utilización na industria alimentaria. Utilización na industria farmacéutica e cosmética. Emprego na industria metalúrxica, do caucho e en fotografía. Fabricación de produtos quitamanchas. Fabricación do ácido acetilsalicílico. Utilización na limpeza aceda de metais. Utilización no electroprateado de metais. Utilización na industria téxtil. Fabricación e utilización de adhesivos e resinas. Utilización na industria papeleira. Utilización na industria do plástico. Utilización como desinfectantes e herbicidas. Utilización como reactivos de laboratorio.</p> <p>O ácido fórmico pode aparecer ademais en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A industria do coiro como neutralizador, para tinguir, eliminar o pelo, etc. - A preparación de cables para soldadura. - A industria da electrónica. <p>O ácido acético pode aparecer ademais en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilización en litografía. - Disolvente de vernices e pinturas. <p>O ácido propiónico pode aparecer ademais en:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilización como funxicida. - Utilización como preservadores do gran e a madeira.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ALCOIS E FENOIS	
Alcois	<p>Utilización nas sínteses orgánicas. Fabricación de alcol e os seus compostos haloxenados. Fabricación do formaldehído. Fabricación e utilización de disolventes ou diluentes para os colorantes , pinturas, lacas, vernices, resinas naturais e sintéticos, desengraxantes e quitamanchas. Fabricación e utilización de vernices e capas illantes para a industria eléctrica (diacetona-alcol, alcol acetona). Fabricación de cores de anilina (metanol). Industria de cosméticos, perfumes, xabóns e deterxentes. Fabricación de esencia de froitas. Industria farmacéutica. Fabricación de líquidos anticonxelantes, de líquidos de freos hidráulicos, de lubricantes sintéticos, etc. Industria do caucho e dos coiros sintéticos. Industria de fibras téxtiles artificiais. Industria de explosivos. Industria da refinería de petróleo. Utilización de alcois como axentes deshidratantes ou antixerminativos.</p>
Fenois, homólogos e os seus derivados halóxenos Pentaclorofenol Hidroxibenzonitrilo	<p>Fabricación de derivados, particularmente os explosivos (derivados nitrados). Fabricación de baquelita poliepóxido e policarbonatos. Tratamento de madeiras. Industrias das fibras sintéticas (poliamidas, etc.). Refino do petróleo. Fabricación de deterxentes, colorantes , de aditivos para aceites, etc. Fabricación e manipulación de pesticidas e produtos para o control de malezas. Industria farmacéutica. Tratamento de brea de hulla, de gas de alumeado e para o quecemento de certas materias plásticas. Síntese química de produtos. Fabricación de pigmentos.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ALDEHÍDOS	
<p>Aldehídos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acetaldehído - Aldehído acrílico - Aldehído benzoico - Formaldehído e o glutaraldehído 	<p>Fabricación de aldehídos e os seus compostos.</p> <p>Emprego na industria química, téxtil e farmacéutica, cosmética, alimentaria.</p> <p>Produtos intermedios en numerosos procesos de síntese orgánica.</p> <p>Fabricación de desinfectantes, tintes, produtos farmacéuticos, perfumes, explosivos, potenciadores do sabor, resinas, antioxidantes, vernices, levaduras, produtos fotográficos, caucho, plásticos, polímeros de alto peso molecular, praguicidas, etc.</p> <p>Utilización como disolventes.</p> <p>Utilización como herbicidas e pesticidas.</p> <p>Utilización como desinfectantes.</p> <p>Utilización do formaldehído en esterilización e desinfección.</p> <p>Utilización do formol como axente desinfectante, desodorizante, bactericida, etc.</p> <p>Utilización do acetaldehído na fabricación do vinagre e no azogado de espellos.</p> <p>Utilización da acroleína nas fabricas de xabón, na galvanoplastia, na soldadura de pezas metálicas.</p> <p>O uso de adhesivos e colas con polímeros de formol pode implicar exposición a formaldehído.</p> <p>A combustión de combustíbeis fósiles, madeira e o quecemento de aceites produce acroleína.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ALIFÁTICOS	
Hidrocarburos alifáticos saturados ou non; cíclicos ou non, constituíntes do éter, do petróleo e da gasolina Saturados: Alcanos, Parafinas	Destilación e refinado do petróleo. O "cracking" e o "reforming", procedementos destinados esencialmente a modificar a estrutura dos hidrocarburos. Utilización dos produtos de destilación como disolventes, carburantes, combustíbeis e desengraxantes. O n-hexano utilízase principalmente como disolvente (colas).

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
<p>Derivados haloxenados dos hidrocarburos alifáticos, saturados ou non, cíclicos ou non. Bromuro de metilo Cloruro de vinilo monómero</p>	<p>Preparación, manipulación e emprego dos hidrocarburos clorados e bromados da serie alifática e dos produtos que o conteñan, e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprego como axentes de extracción e como disolventes. - Desengraxado e limpeza de pezas metálicas, como produtos de limpeza e desengraxado en tinturarias. - Fabricación e reparación de aparellos e instalacións frigoríficas. - Utilización de pesticidas. - Fabricación de certos desinfectantes, anestésicos, antisépticos e outros produtos da industria farmacéutica e química. - Fabricación e utilización de pinturas, disolventes, decapantes, vernices, látex, etc. - Reparación e recheo de aparellos extintores de incendio. - Preparación e emprego de locións de barba. - Fabricación de polímeros de síntese. - Refino de aceites minerais. - Uso en anestesia cirúrxica. <p>Emprego de bromuro de metilo para o tratamento de vexetais en adegas, cámaras de fumigación, colectores, calas de barcos, camiós cubertos, entre outros. Uso do bromuro de metilo na agricultura para o tratamento de parasitos do solo. Uso do bromuro de metilo con fins sanitarios de desinsectación e desratización de edificios.</p> <p>Traballos de síntese de policloruro de vinilo (PVC) que expoñen ao monómero.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
AMINAS E HIDRACINAS	
Aminas (primarias, secundarias, terciarias, heterocíclicas) e hidracinas aromáticas e os seus derivados halóxenos, fenólicos, nitrosados, nitrados e sulfonados	<p>Fabricación destas substancias e a súa utilización como produtos intermediarios na industria de colorantes sintéticos e en numerosas sínteses orgánicas, na industria química, na industria de insecticidas, na industria farmacéutica, etc.</p> <p>Fabricación e utilización de derivados utilizados como aceleradores e como antioxidantes na industria do caucho.</p> <p>Fabricación de certos explosivos.</p> <p>Utilización como colorantes na industria do coiro, de peles do calzado, de produtos capilares, etc., así como en papelaría e en produtos de barbaría.</p> <p>Utilización de reveladores (para-aminofenois) na industria fotográfica.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
AMONÍACO	
Amoníaco	<p>Produción de fertilizantes artificiais. Preparación de certos residuos sintéticos do tipo ceraformol. Fabricación de xeo artificial, utilizando amoníaco como refrixerante. Os fornos de coque, fabricas de gas. Utilización como decapante en pintura. Utilización en laboratorios. Galvanoplastia. Fabricación de ácido nítrico e outros reactivos químicos como ácido sulfúrico, cianuros, amidas, urea, sosa, nitritos e intermediarios de colorantes . Produción de monómeros de fibras sintéticas e outros plásticos. Refino de petróleo (como inhibidor da corrosión). Industria huleira, papel, extractiva, alimentaria, peleteira e farmacéutica (como estabilizador).</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
AROMÁTICOS	
Benceno	<p>Fabricación, extracción, rectificación, emprego e manipulación do benceno e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ocupacións con exposición a benceno, por exemplo fornos de coque, uso de disolventes que conteñen benceno. - Emprego do benceno para a preparación dos seus derivados utilizados nas industrias de materias colorantes , perfumes, explosivos, produtos farmacéuticos, etc. - Emprego do benceno e os seus homólogos como decapantes, como diluente, como disolvente para a extracción de aceites, graxas, alcaloides, resinas, desengraxado de peles, tecidos, ósos, pezas metálicas, caucho, etc. - Preparación, distribución e limpeza de tanques de carburantes que conteñan benceno. - Traballos de laboratorio nos que se empregue benceno.
Naftaleno e os seus homólogos	<p>Extracción do naftaleno, durante a destilación do alcatrán de hulla.</p> <p>Utilización como produtos de base para a fabricación do ácido ftálico, naftaleno, hidroxenados e materias plásticas.</p> <p>Fabricación de tintes.</p> <p>Utilización como insecticida e en conservación da madeira.</p> <p>Fabricación de resinas sintéticas, celuloide e hidronaftalenos (tetralin, decalin) que se usan como disolventes, en lubricantes e en combustíbeis.</p> <p>Fabricación de repelente da couza, insecticida, antiséptico (tópico e vía oral), antihelmíntico.</p> <p>Uso en funxicidas, bronceadores sintéticos, conservantes, téxtiles, químicos, materia prima e produto intermedio en industria do plástico e na fabricación de lacas e vernices.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Xileno, Tolueno	<p>Operacións de produción, transporte e utilización do Tolueno e Xileno e outros produtos que os conteñen, en especial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Industria química: fabricación de ácido benzoico, benzoaldehidos, benceno, fenol, caprolactama, linóleo, toluendiisocianato (resinas poliuretano), sulfonatos de tolueno (deterxentes), coiro artificial, revestimento de tecidos e papeis, explosivos, tintes e outros compostos orgánicos. - Preparación de combustíbeis e as operacións de mesturado, transvasamento, limpado de estanques e cisternas. - Operacións de disolución de resinas naturais ou sintéticas para a preparación de colas, adhesivos, lacas, vernices, esmaltes, masillas, tintas, diluentes de pinturas e produtos de limpeza. - Utilización dos produtos citados, en especial as operacións de secado que facilitan a evaporación do tolueno e os xilenos. - Uso en laboratorio de análise química e de anatomía patolóxica. - Aditivo das gasolinas. - Utilización na industria da limpeza. - Utilización de insecticidas. - Utilización en perfumaría. - Esterilización do fío de sutura cirúrxica catgut.
Vinilbenceno (estireno) e divinilbenceno	<p>Síntese e produción de polímeros (poliestireno), de copolímeros (acrilonitrilo butadieno estireno ou ABS) e de resinas poliésteres.</p> <p>Uso do divinilbenceno como monómero para a polimerización de caucho sintético.</p> <p>Disolvente e aditivo no carburante para avións.</p> <p>Fabricación de insecticidas.</p> <p>Fabricación de piscinas, iates, bañeiras, carrocerías de automóviles.</p> <p>Fabricación de plásticos, goma sintética, resinas, illantes.</p> <p>Utilización como resina cambiadora de ións na depuración de auga.</p> <p>Utilización en odontoloxía.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
Derivados haloxenados de hidrocarburos aromáticos	Emprego como disolventes, pesticidas, herbicidas, insecticidas e funxicidas. Emprego nas industrias de materias colorantes , perfumaría e fotografía. Fabricación de produtos de limpeza e lubricantes. Utilización como aditivo en lubricantes de alta presión. Fabricación de caucho sintético, produtos ignífugos, papel autocopiativo sen carbono, plastificantes, etc. Fabricación de transformadores, condensadores, illamento de cables e de fíos eléctricos.
Nitroderivados dos hidrocarburos aromáticos: Nitro-dinitrobenceno Dinitro-trinitrotolueno.	Utilización como disolventes. Producción de colorantes , pigmentos, tintes. Fabricación de explosivos. Industria farmacéutica e cosmética. Industria do plástico. Utilización como pesticidas. Utilización na industria téxtil, química, do papel. Utilización en laboratorios. Utilización de nitrobenceno como enmascarador de cheiros. Utilización de dinitrobenceno na produción de celuloide, etc.
Derivados nitrados dos fenóis e homólogos.: Dinitrofenol Dinitro-ortocresol Dinoseb (2-sec-butil-4,6-dinitrofenol) Ioxinil Bromoxinil	Utilización como herbicidas e insecticidas.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermedades relacionadas co axente
CETONAS	
Cetonas	<p>Produción de cetonas e os seus derivados. Utilización como axentes de extracción, como materia prima ou intermedia en numerosas sínteses orgánicas. Utilización como disolventes. Fabricación de fibras téxtiles artificiais, seda e coiros artificiais limpeza e preparación de tecidos para a tintura. Fabricación de celuloide. Industria farmacéutica. Industria de perfumaría e dos cosméticos. Industria do caucho sintético e de explosivos. Fabricación de produtos de limpeza. Tratamento de resinas naturais e sintéticas. Emprego de vernices, pinturas, esmaltes, adhesivos, lacas e masillas. Procesos de refinado de metais preciosos.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermedades relacionadas co axente
EPÓXIDOS	
<p>Epóxidos</p> <p>Óxido de etileno, tetrahidrofurano, furfural, epiclorhidrina, guaiacol, alcol furfúrico, óxido de propileno.</p>	<p>Utilización como reactivos na fabricación de disolventes, plastificantes, cementos, adhesivos e resinas sintéticas. Utilización como recubrimentos para a madeira e o metal. Fabricación de axentes tensoactivos. Utilización como disolventes. O óxido de propileno utilízase, ademais, como esterilizante de alimentos envasados e outros materiais. A epiclorhidrina utilízase, ademais, como insecticida, fumigantes e disolvente de pinturas, vernices, esmaltes e lacas. Producción de resinas de alta resistencia á humidade na industria papeleira. O óxido de etileno utilízase, ademais, na industria sanitaria e alimentaria como axente esterilizante, como fumigante de alimentos e tecidos, intermediario en síntese química e na síntese de películas e fibras de poliéster.</p>

	<p>O guaiacol utilízase, ademais, como anestésico local, antioxidante, expectorante e aromatizante de bebidas.</p> <p>O furfural utilízase, ademais, na preparación e uso de moldes para fundición, na vulcanización do caucho, refinado de aceites de petróleo e como axente humectante.</p> <p>O tetrahidrofurano utilízase, ademais, en histoloxía, e na fabricación de artigos para o envasado, transporte e conservación de alimentos.</p>
--	---

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermedades relacionadas co axente
ÉSTERES	
Ésteres orgánicos e os seus derivados haloxenados	<p>Fabricación de ésteres orgánicos. Síntese de resinas sintéticas. Produtos intermedios en numerosos procesos de síntese orgánica. Industria dos papeis pintados. Fabricación de adhesivos. Industria de plásticos. Fabricación de revestimentos plásticos. Fabricación de pinturas, vernices, tintes. Fabricación de lacas de uñas e perfumes, esencias de froitas. Industrias de fabricación de cristais de seguridade. Industria farmacéutica. Imprentas. Utilización como aditivos de carburantes e de aceites de motor. Aplicación de pinturas. Utilización de adhesivos. Utilización como disolventes. Utilización de decapantes. Utilización en produtos de limpeza, lavandaría e tinturaría. Imprenta, reprodución, plásticos, curtidos, téxtiles, resinas, protésicos dentais selantes, cosméticos, etc.). Utilización do acetato de etilo na electrodeposición de metais. Utilización do acetato de isobutilo na fabricación de periféricos de ordenadores. O etil acrilato utilízase, ademais, en: Fabricación de alfombras. Industria de semicondutores. O vinil acetato utilízase, ademais, en: Industria do papel. Fabricación de plásticos de uso alimentario.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ÉTERES	
<p>Éteres de glicol: metil cellosolve ou metoxi-etanol etil cellosolve etoxietanol etc. Outros éteres non comprendidos no apartado anterior: Éter metílico, etílico, isopropílico, vinílico, dicloro-isopropílico, etc.</p>	<p>Disolventes e codisolventes de lacas, resinas, pigmentos, tintes, esmaltes, vernices, perfumes, aceites, acetato de celulosa e nitrato de celulosa. Fabricación de semicondutores na industria microelectrónica. Constituíntes de fluídos hidráulicos, fabricación de filmes radiográficos e de celofán. Utilización na limpeza en seco. Constituíntes dalgúns insecticidas. Utilización como aditivos de combustíbeis. Utilización de tintes e pigmentos. Utilización como estabilizadores de emulsións. Utilización no acabado do coiro. Produción de éteres e dos seus derivados haloxenados. Utilización na industria química como disolventes de ceras, graxas, etc., e na fabricación do colodium para a extracción da nicotina. Industria farmacéutica. Utilización como axentes de esterilización e como anestésicos. Industria de fibras téxtiles artificiais. Industria do calzado. Industria da perfumaría, caucho, fotografía e materias plásticas. Fabricación e utilización de disolventes e decapantes para as pinturas e vernices.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
GLICOIS	
<p>Glicois: Etilenglicol, dietilenglicol, 1-4 butanediol así como os derivados nitrados dos glicois e do glicerol.</p>	<p>Fabricación de glicois e poliglicois, dos seus derivados e dos seus acetatos. Utilización na industria química como produtos intermedios en numerosas sínteses orgánicas, como disolventes de lacas, resinas, vernices celulósicos de secado rápido, de certas pinturas, pigmentos, nitrocelulosa e acetatos de celulosa, tintes e plásticos. Utilización na industria farmacéutica como vehículo de certos medicamentos, desodorizantes, desinfectantes e bactericidas. A industria de cosméticos, fabricación e utilización de anticonxelantes, de líquidos de sistemas hidráulicos e de líquidos de freos. Fabricación de certas esencias, extractos na industria alimentaria. Industria téxtil para dar a flexibilidade aos tecidos e preparación para a textura e impresión de tecidos a base de acetatos de celulosa, así como na preparación e utilización de certos amidóns sintéticos. Fabricación de condensadores electrolíticos. Preparación de certas películas e placas na industria fotográfica. Industria de explosivos e caucho sintético.</p>

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ISOCIANATOS	
Poliuretanos (isocianatos)	<p>Traballos que expoñen á inhalación de isocianatos orgánicos e especialmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fabricación e aplicación de toluen-diisocianato (TDI) e de difenilmetano-diisocianato (MDI), de hdi, ndi, isoforona, ciclohexanona (precursor). - Laqueado e acoitelado de parkés. - Laqueado de papel, tecidos, coiro, gomas, fíos condutores. - Elaboración e utilización de adhesivos e pinturas que conteñen poliuretano. - Fabricación e emprego de pegamentos que conteñan isocianatos. - Fabricación de espumas de poliuretano e a súa aplicación en estado líquido. - Fabricación de fibras sintéticas e de caucho sintético. - Fabricación e utilización de anticorrosivos e material illante de cables. - Utilización de monoisocianatos (metilisocianato) como axentes de síntese na industria química.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermedades relacionadas co axente
NITRODERIVADOS	
Nitroderivados alifáticos Nitroalcanos	Emprego como disolventes. Emprego como aditivos de certos explosivos, pesticidas, funxicidas, gasolinas e propulsores para proxectís. Utilización en síntese orgánica.
Nitroglicerina e outros Ésteres do ácido nítrico	Industria de explosivos. Emprego na industria farmacéutica.

Axente	Principais actividades capaces de producir enfermidades relacionadas co axente
ORGANOCOLORADOS E ORGANOFOSFORADOS	
